

PARTICIPACIÓN NAS AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

A participación nas axudas para adquirir libros de texto e material escolar irán dirixidas ao alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria.

A contía das **axudas dos libros** segundo a **renda do ano 2020** son:

- Familias con renda per cápita igual ou inferior a 6.000€: 210 €
- Familias con renda per cápita entre 6.000 – 10.000 €: 140 €
- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia e alumnado con discapacidade $\geq 65\%$: 210 €

A **axuda de material** (50 €) será para as familias con renda per cápita igual ou inferior a 6.000€, para o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia e alumnado con discapacidade $\geq 65\%$.

Para calcular a renda per cápita farase sumando as casillas (da declaración da renda do 2020) 435 + 460 e dividindo entre o número de membros da familia. Aqueles membros da familia que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% contarán coma dous. Se hai dúas declaracións (pai e nai por exemplo) hai que sumar o resultado das dúas.

No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar durante o exercicio 2020.